



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**ANUNCIO CORRECCION DE ERROS**

Por Resolución da alcaldía núm. 803/2020 de 14 de xullo, adoptouse o seguinte acordo.

Advertido un erro no punto 8 das bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a xornada completa para o servizo de limpeza de praias 2020, e a elaboración dunha bolsa de traballo en réxime de contratación laboral temporal a tempo completo, financiado pola Deputación de A Coruña dentro do programa MA100/2020, aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 673/2020 de 17 de xuño e publicado no BOP núm. 92 de 22 de xuño de 2020.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Corrixir o erro material advertido na Resolución da alcaldía núm. 673/2020, de xeito que onde di:

“b) Segundo exercicio, ata un máximo de 5 puntos

Consistirá na realización dunha proba práctica/entrevista co fin de demostrar a capacidade da persoa aspirante para realizar os traballos relacionados co posto. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. O tempo de realización será dun máximo de 20 minutos. Só realizarán este exercicio as persoas que superen o primeiro exercicio. O Tribunal determinará cal é o número de coñecementos necesarios para alcanzar o 5. “

Debe dicir:

“b) Segundo exercicio, ata un máximo de 5 puntos

Consistirá na realización dunha proba práctica/entrevista co fin de demostrar a capacidade da persoa aspirante para realizar os traballos relacionados co posto. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 2,50 puntos para superalo. O tempo de realización será dun máximo de 20 minutos. Só realizarán este exercicio as persoas que superen o primeiro exercicio. O Tribunal determinará cal é o número de coñecementos necesarios para alcanzar o 2,50.”

**SEGUNDO.** Publicar o presente acordo aos efectos oportunos

Muros, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero